


AS HISTÓRIAS DE BRINQUÊ



BRINQUI E A CLASE DE PRIMEIRO A

Había unha vez un saltarín na biblioteca do colexio Gregorio Sanz, nun lugar chamado Ribadeo. Un día decidiu saír da biblioteca para coñecer o mundo exterior. O día elixido sería o venres pola noite porque non estaban os nenos. Eses que tanto ruído facían todos os días!


Como o colexio era moi grande non encontrou a saída e perdeuse polo cole. Era de noite e como estaba canso durmiuse.

Soñou cunha araña xigante e peluda. Entón espertou. Fora un pesadelo!

Quería voltar á biblioteca, estar cos libros, cos seus contos, cos debuxos... pero non sabía volver.

Os nenos e nenas de 1ºA chegaron ao cole o luns pola mañá e viron aquel saltarín moi triste. Chamáronno Brinqui.

Collérono, levárono á biblioteca e fixéronse amigos. Dende aquel día Brinqui está moi feliz porque os seus amigos de 1ºA subían tódolos recreos á biblioteca e xuntos foron aos mundos máxicos das lecturas.



Nenos e nenas de 1ºA


BRINQUI E OS AMIGOS DE 1º B

Un día, un saltarín chamado Brinqui chegou ao colexio Gregorio Sanz, comendo un bocata de xamón e queixo; díxonos que nacera da imaxinación de Celso, un neno deste centro.

Empezou a xogar cos nenos e nenas de 1º B. Caeu e rompeu os arames dos brazos.


Rápidamente chamamos a Valentín, que trouxo a caixa das ferramentas e , coa nosa axuda, Brinqui estaba novo.

Para celebralo, os nenos de 1º B chamaron a tódolos nenos do colexio e foron á biblioteca ler historias sobre a vida anterior de Brinqui.



Nenos e nenas de 1º B

HISTORIA DE BRINQUI



Brinqui era un resorte que vivía no planeta dos libros. No planeta dos libros lían moito e na Terra non lían nada. Entón Brinqui viaxou á Terra. A terra en Ribadeo e empezou pola biblioteca do colexio Gregorio Sanz para ensinarlles aos nenos/as historias, contos, lendas, ...

Para que os nenos/as non se despistasen vivía nunha caixa con forma de cubo pero sempre estaba vixiante mirando pola pechadura da caixa. Cando había moito ruído na biblioteca ou algún neno/a molestaba e non cumpría as normas da biblioteca, Brinqui saía de súpeto da súa caixa e así os nenos/as recordaban onde estaban e para que estaban alí.

Cando todo estaba en calma e os nenos/as se comportaban ben, el quedaba na súa caixa, satisfeito de ser a mascota da biblioteca do colexio Gregorio Sanz e duns/has nenos/as que cada día lían máis e mellor.

2º A Educación Primaria

BRINQUI


Brinqui naceu nun vertedoiro de metáis.

Un día, cando chegou o camiión da basura, escapou entre as redes e subiuse a el.

Cando o camiión volveu parar para recoller o lixo, él saiu saltando e saltando.

Despois de saltar moito chegou a un pobo chamado Ribadeo. Perdeuse entre as rúas e atopou unha biblioteca e viu moitas grúas arredor e homes que ían destruíla.

Dentro, había nenos moi asustados e tristes que choraban porque lles gustaba moito ler. Tamén viu entrar outras persoas con máquinas para facer confeti cos libros. Entón, Brinqui entrou e díxolles aos nenos que lle axudasen a destruír as máquinas. Colleron bolígrafos, chinchetas, tesoiras, rotuladores e extintores atrancaron as máquinas.



Brinqui, saltando, colleu as chaves das grúas e enterrounas nun burato.

Despois, desde o balcón da casa do Concello falou par un micrófono e dixo:

_ Van tirar a biblioteca. Queremos que nos axudedes para que non a tiren e os libros estean a salvo. ¡ Facede unha pancartas enormes!.

As persoas da vila fixeron unha manifestación e conseguiron salvar a biblioteca, que, ao final...¡ era a biblioteca do Colexio Gregorio Sanz!

Entre todos os nenos escribiron un libro sobre Brinqui e os profesores e os alumnos decidiron que Brinqui fose a mascota da súa biblioteca.

Nenos e nenas de 2º B

A AVENTURA DE BRINQUI


Esta historia comezou nun bosque encantado cheo de flores. Brínquí estaba camiñando, cando, de súpeto, atopou un mapa que o levou ata unha porta que había preto dun lago.

Brínquí abriu a porta e apareceu nun país máxico, onde vivían os personaxes de todos os contos que existen no mundo: Aladín, os tres porquiños,

Carapuchiña

Vermella,... Todos eles colleron a Brínquí da man e levárono ata unha biblioteca. Botou unha ollada e viu o

seu libro preferido: "Cíncenta". Abriuño e apareceu a fada madríña. A fada ensinoulle a Brínquí o seu fogar: Era ... a Biblioteca do Colexio Gregorio Sanz.



Cando Brínquí voltou cos seus amigos, contoulles o que acontecerá no país máxico. Oído o relato e coa axuda da fada, viaxaron á biblioteca para ler os seus libros preferidos. E así, durante todos os días de todos os anos, viviron grandes aventuras.

E, para encanto de todos, ocorreu un milagre: os malvados dos contos volvéronse simpáticos e amables ao sentírense protagonistas da felicidade dos nenos.

Aquí remata a historia. E as nenas e nenos de 3º a invitámosvos a compartir con Brinqui e os seus amigos as aventuras que lles quedan por descubrir.

Nenos e nenas de 3ºA

BRINQUI, O MELLOR AMIGO DOS NENOS


Había unha vez un muelle chamado Brínquí que estaba tirado nun vertedoiro entre xornaís, cheo de pó e moi triste.

Un día pasou por alí unha nena, viu a Brínquí alí tirado e sorprendeuse ó escoitalo contarlle uns contos asombrosos aos ratos que vivían con el.

O pequeno muelle ademais de cuentista, era moi bo deportista, pero sentíase mal e agotado, entón a nena levouno para a súa casa e reparouno.

Na casa a nena ensínoulle os xoguetes, pero non lle gustaban porque había un oso malo que o quería romper.

Entón ao día seguinte a nena decidiu metelo na mochila e lévalo ao colexio. Alí, ensínoullo aos amigos e deixouno na mochila mentres baixaron a xogar. No recreo, Brínquí saltou da mochila e foi para a biblioteca. Saltou a unha estantería, colleu un libro e púxose a lelo. O recreo rematou e a nena foi buscar a Brínquí á mochila, pero non estaba. Buscouno por todas partes pero non o atopou.



Pasado un tempo o bibliotecario atopou ao muelle na biblioteca e falou coa directora. Propúxolle nomealo mascota da biblioteca. E así foi, a partir dese día, o muelle estaba sempre na biblioteca contando contos aos nenos, e os nenos sentíanse moi agradecidos.

Un día Brínquí contoulles un conto sobre o Colexio "Gregorio Sanz". O conto falaba do señor Gregorio Sanz e os nenos quíxeron facerlle unha estatua na súa honra.

Brínquí, ao rematar as clases, ás cinco, tódolos días volvía na mochila para a casa coa súa dona, e sempre levaba un libro para ler. No tempo libre ía coa nena á piscina e a xogar ao baloncesto pois como saltaba era moi bo xogador.


Ao final, entre todos os nenos do colexio fixéronlle un conto a Brínquí e adicáronlle a festa de fin de curso.

Nenos e nenas de 3º B

BRINQUI

Xaime vivía coa súa avoa nunha pequena aldea da montaña de Lugo. No lugar non había nenos e el pasaba os días de inverno só ao carón da lareira. As tardes facíanselle eternas e xa non sabía a que xogar: lía contos, contaba bólas, xogaba cos coches mentras a súa avoa lle contaba historias e tecía a lá.

Unha destas tardes Xaime foi ao desván da casa e baixou cuns muelles de aramio. Pediulle á súa avoa se lle axudaba a construír un xoguete. Ao primeiro a avoa non era quen de entender o que Xaime quería pero pouco a pouco foise dando conta de que o que o seu neto necesitaba era algún neno comoa el co que poidera xogar. Sin pensalo un segundo colleu a



caixa de ccostura, teas, lás, botón... e púxose mans á obra. En pouco tempo tiña feito a cabeza e o corpo dun boneco ao que lle engadiron os muelles facendo de brazos e pernas. O resultado era espectacular xa que o boneco collido polos brazos saltaba e saltaba con Xaime sen parar.


Dende aquel día fixéronse inseparables e púxolle o nome de Brinqui. Ía con el a todas partes e acompañouno toda a súa vida, tanto é así que hoxe en día é a mascota da biblioteca do colexio onde Xaime é mestre. O colexio Gregorio Sanz de Ribadeo.

Antía Iriarte Álvarez 4º A

BRINQUI E A SÚA AVENTURA.

Érase unha vez un muelle solitario e triste que se chamaba Brinqui e vivía no interior das alcantarillas de Ribadeo. Un día, nas alcantarillas encontrouse unha rata e preguntoulle:

- Que fas aquí?- preguntoulle a rata.
- Pois, de pequeno perdín aos meus pais, e como non sabía andar, caínme e rodei ata que caín nunha alcantarilla de Ribadeo e ata agora non puiden saír.
- Eu sei todas as maneiras de saír, queres que che axude a saír de aquí?
- Pois claro, como non!
- Ven por aquí, ensinareiche algunhas das saídas do arredor.



Despois duns días Brinqui chegou ata un colexio cercano chamado "Gregorio Sanz", entón Brinqui quedou asombrado ao ver tantos nenos e nenas berrando e brincando.

Un neno acercouselle e preguntoulle:

- Hola, como te chamas?
- Brinqui, e ti?
- Eu Celso.
- Queres vir connigo?

Brinqui aceptou, e o neno levouno á dirección. O neno falou coa directora Lourdes e entre os dous decidiron que a mascota da escola sería o seu mellor amigo Brinqui!. E así foi como a nosa mascota "Brinqui" chegou ao noso colexio.


Clara Meijide García e Marcos Raúl García Fong (4º B)

BRINQUI O RESORTE

Brinqui vivía no planeta Espiral. Era un resorte coa cabeza e as mans violetas. Tiña uns ollos tremendos porque lle encantaba a lectura. O seu traballo era animar aos nenos do seu planeta a ler.

Un día, Brinqui, mirando polo seu telescopio descubriu outro planeta. Como tiña curiosidade por saber como era, decidiu partir cara alí na súa nave.

A medida que se ía aproximando ao planeta, parecíalle azul. Cando estaba máis preto xa puido distinguir o seu verdor.



Aterrou, e levou una enorme sorpresa cando descubriu que ese planeta tamén estaba habitado.

Enseguida descubriu que alí tamén inventaran a lectura. Foi a un colexio e viu que a todo o mundo lle gustaba ler. Ben ao que se di todo... non. Había unha nena moi preguiceira á que só lle gustaba escoitar historias, pero non delas.

Brinqui quiseo axudala. Cando o timbre soou, Brinqui seguiu á nena ata a súa casa. Esperou e esperou nun agocha ata que a nena foi deitarse. Cando viu que tamén os pais se deitaran, foi cara onde a nena.

_ i Eh, ti! _ dixo Brinqui.

_Quen faka?! Exclamou a nena.

_Son Brinqui, o resorte, como te chamas?

Chámome Iria contestou a nena.

O resorte explicoulle a razón pola que a seguirá. Díxolle que se cada día lía un conto el lle contaría despois outra historia diferente. A nena, entusiasmada coa idea, fíxolle caso e descubriu un mundo maravilloso dentro dos libros.

Ao cabo dalgún tempo esa nena fíxose unha grande lectora ata tal punto que de maior chegou a ser escritora.

Paula Amor Díaz 5º A

BRINQUI

Debaixo dunha estantería da biblioteca do CEIP GREGORIO SANZ, detrás de todo, había un muelle dunha libreta vella. Ese muelle levaba alí moito tempo. Co paso dos anos ao muelle saeulle unha cabeza que lle permitiu ver e escoitar todo o que pasaba ao seu arredor. Foi aprendendo a falar de tanto escoitar aos nenos e nenas que viñan á biblioteca. O que máis lle custou foi andar porque o muelle íaselle para un lado e para o outro sin ton nin son. Ata que por fin un día conseguiu dominar o salto.

Ao principio so saía do seu refuxio cando non había ninguén na biblioteca. Entón lía e lía e cada vez se facía máis sabio e vivía todas as aventuras que se contaban nos contos que había ao seu arredor.

Un día atreveuse a saír cando estaba na biblioteca un neno ao que xa vira alí moitas veces.

O neno quedose mirando para el moi sorprendido.

_Ola son Brinqui, gústache o libro que estás a ler?

O neno saiu da biblioteca cos pes batendo no cu e contouullo aos nenos e nenas da súa clase.

Ao día seguinte a biblioteca estaba chea de nenos e nenas que armaban moito barullo. Brinqui non saiu do seu refuxio.

Pouco a pouco todos foran coñecéndoo: ás veces lles contaba historias, outras lles aconsellaba que libros ler.

Só se estades caladiños... poida que vexades a Brinqui a próxima vez que veñades á nosa biblioteca.

Alumnos de 5º A

